

COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN AO CAMIÑO DA CORREOLA

PLENO 4 ABRIL 2013. ACTA 7/2013

Preocupados pola situación dun grupo de veciños e veciñas de Chapela que non poden acceder en condicións dignas ás súas vivendas a través do denominado camiño da Correola, dende AER pedimos a comparecencia do alcalde para que nos explique a situación actual deste camiño.

O concelleiro Varela Couñago refírese a unha pregunta formulada no pleno polo concelleiro Pazos Couñago na anterior lexislatura na que se aludía á necesidade imperiosa de resolver ese problema.

O Alcalde di que non é un problema sinxelo posto que hai unha problemática co acceso e se está tratando de dar unha solución polos técnicos. Sinala que a solución técnica non é fácil.